



II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Axencia Tributaria

Delegación Ourense

Anuncio de cobranza relativo aos recibos do IAE 2017

Comunícase, en relación cos recibos do Imposto sobre Actividades Económicas correspondentes a 2017, e cando se trate de cotas nacionais e provinciais, das cales a xestión recadatoria lle corresponde á Administración Tributaria do Estado, o seguinte:

Prazo para efectuar o ingreso

Do 15 de setembro ata o 20 de novembro de 2017 (resolución do 19 de xuño do 2017 do Departamento de Recadación da Axencia Estatal da Administración Tributaria).

Lugar de pagamento

Cotas nacionais: a través das entidades colaboradoras (bancos, caixas de aforro e cooperativas de crédito) nas que non é preciso que o obrigado ao pagamento dispoña de conta aberta.

Cotas provinciais: a través das entidades colaboradoras (bancos, caixas de aforro e cooperativas de crédito) nas que non é preciso que o obrigado ao pagamento dispoña de conta aberta.

Os ingresos poderanse efectuar no horario de atención ao público das devanditas entidades.

Así mesmo, o pagamento de cotas nacionais e provinciais poderá ser realizado mediante débito en conta, a través de internet, no enderezo www.agenciatributaria.es, na opción: Sede Electrónica. Trámites Destacados. Pagamento de Impostos. Para realizar o pagamento a través de internet é necesario dispoñer dun sistema de sinatura electrónica dos admitidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, determinará o inicio do período executivo e a remuneración dos xuros de mora e das cargas a que se refiren os artigos 26 e 27 da Lei xeral tributaria.

Axencia Tributaria

Delegación Ourense

Anuncio de cobranza relativo a los recibos del IAE 2017

Se comunica, en relación con los recibos del Impuesto sobre Actividades Económicas correspondiente a 2017, y cuando se trate de cuotas nacionales y provinciales, cuya gestión recaudatoria corresponde a la Administración Tributaria del Estado, lo siguiente:

Plazo para efectuar el ingreso

Del 15 de septiembre hasta el 20 de noviembre de 2017 (resolución del 19 de junio de 2017 del Departamento de Recaudación de la Agencia Estatal de la Administración Tributaria)

Lugar de pago

Cuotas nacionales: a través de las entidades colaboradoras (bancos, cajas de ahorro y cooperativas de crédito) en las que no es preciso que el obligado al pago disponga de cuenta abierta.

Cuotas provinciales: a través de las entidades colaboradoras (bancos, cajas de ahorro y cooperativas de crédito) en las que no es preciso que el obligado al pago disponga de cuenta abierta.

Los ingresos se podrán efectuar en el horario de atención al público de dichas entidades.

Asimismo, el pago de cuotas nacionales y provinciales podrá ser realizado mediante adeudo en cuenta, a través de Internet, en la dirección www.agenciatributaria.es, en la opción: Sede Electrónica. Trámites Destacados. Pago de Impuestos. Para

realizar el pago a través de internet es necesario disponer de un sistema de firma electrónica de los admitidos por la Agencia Estatal de la Administración Tributaria.

El vencimiento del plazo de ingreso en período voluntario, sin haber sido satisfecha la deuda, determinará el inicio del período ejecutivo y el devengo de los intereses de demora y de los recargos a que se refieren los artículos 26 y 28 de la Ley General Tributaria.

R. 2.135

IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

Ourense

Convocatoria de subvencións a asociacións, comisións de festas e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido cultural e festivo no Concello de Ourense, ano 2017

A Concellería de Cultura do Concello de Ourense procede a convocar axudas para a realización de programas, actividades culturais e festivas concretas que se desenvolvan dentro do termo municipal durante o exercicio 2017 conforme coas bases reguladoras que se publican como anexo a esta convocatoria (en adiante bases reguladoras).

Primeiro.- Obxectivos e entidades beneficiarias

É obxecto desta convocatoria, regular a concesión de subvencións para programas, actividades culturais e festivas concretas, definidas nas bases reguladoras, que se desenvolvan dentro do termo municipal entre o 1 de decembro de 2016 e o 30 de novembro de 2017.

Poderán ser beneficiarias destas subvencións:

No caso da liña A, proxectos e actividades culturais, as asociacións de carácter cultural sen fin de lucro inscritas no Rexistro de Entidades Cidadás do Concello de Ourense e as fundacións de carácter cultural.

Quedan expresamente excluídas as asociacións de veciños, ao contaren cunha liña específica de subvencións.

No caso da liña B, festas patronais, romarías e outras celebracións de carácter tradicional ou senlleiro, as asociacións de veciños e comisións de festas legalmente constituídas.

Segundo.- Partida económica e crédito orzamentario

As subvencións reguladas nesta convocatoria concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 200.3340.48902 (subvencións actividades lúdicas e culturais) dos orzamentos do Concello de Ourense para o exercicio en curso, cunha dotación de 65.000 €.

Este importe pode ser ampliado no caso de existencia de crédito na aplicación orzamentaria no momento da resolución, sen que esta circunstancia dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Terceiro.- Liñas de subvención e contía

A. Proxectos e actividades culturais

Contía máxima subvencionable o 75% do orzamento.

N.º máximo de actividades que se presentarán: 1

B. Festas patronais, romarías e outras celebracións de carácter tradicional ou senlleiro

Asignación fixa por festa, en función da poboación, entre 700 € e 6.000 €.

Contía máxima subvencionable o 75% do orzamento.

N.º máximo de actividades que se presentarán: 1

Cuarto.- Solicitudes: prazo e forma

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ourense ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo

común das administracións públicas, achegando a documentación requirida nas bases reguladoras.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles, desde o día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Lugar onde se poden obter as bases e formularios

As bases desta convocatoria e os formularios están a disposición das entidades interesadas na páxina web da Concellaría de Cultura (www.ourensecultura.com), e no Servizo de Cultura desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Sexto.- Procedemento

O procedemento de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva. En todo aquilo non previsto nas bases reguladoras que se acompañan como anexo a esta convocatoria estarase ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

Sétimo.- Prazo de xustificación

As asociacións, entidades non lucrativas e comisións de festas beneficiarias, deberán presentar a documentación para a xustificación da subvención concedida, detallada nas bases reguladoras, antes do día 30 de novembro de 2017.

Bases reguladoras para a concesión de subvencións a asociacións, comisións de festas e entidades sen fin de lucro que desenvolvan accións no eido cultural e festivo no Concello de Ourense

Primeira.- Finalidade e obxecto

O Excmo. Concello de Ourense, tendo presente o seu obxectivo prioritario de potenciar as actividades lúdicas, culturais e festivas, posibilitando a realización de actividades que sexan de interese para a poboación, considera unha obriga inescusable prestar apoio ás entidades que traballan neste eido. Con este obxectivo, establécense estas bases co gallo de posibilitar a realización de actividades de promoción, animación e difusión da cultura nunha concepción ampla desta, suxeitas á Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ourense, á Lei 38/2003 xeral de subvencións, á Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e aos regulamentos que eventualmente se diten para o seu desenvolvemento.

É obxecto destas bases regular a concesión de subvencións para a realización de programas, actividades culturais e festivas concretas que se desenvolvan dentro do termo municipal polas asociacións, comisións de festas e entidades sen fin de lucro, que sexan solicitadas á Concellaría de Cultura, conforme co procedemento que a continuación se establece.

Haberá dúas liñas ou conceptos subvencionables aos que se poderá presentar un único proxecto:

A. Proxectos e actividades culturais

Para os efectos destas bases, entenderase por programas ou actividades culturais as seguintes:

1. Proxectos relacionados coas artes escénicas, musicais, artes plásticas, cinematográficas e literatura.

2. Edición, publicación ou impresión de libros, publicacións seriadas ou obras audiovisuais en calquera soporte.

3. Actividades que teñan por obxecto o estudo, difusión, exaltación ou posta en valor do patrimonio cultural material ou inmaterial da cidade de Ourense.

Só poderán ser obxecto de subvención proxectos cuxo orzamento sexa como mínimo de 1.000 €

B. Festas patronais, romarías e outras celebracións de carácter tradicional ou senlleiro.

Quedan excluídas do obxecto destas bases:

1. Aquelas que, para a mesma finalidade, sexan obxecto doutras convocatorias noutras áreas ou servizos do Concello de Ourense.

2. Actividades especificamente recreativas, lúdicas ou de lecer. A realización de excursións ou viaxes culturais ou recreativas.

3. Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación presentados, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición deste ou que a materia non se axuste aos obxectivos da convocatoria.

4. As que non cumpran algún dos requisitos destas bases ou as referidas no artigo 2.2 da Ordenanza xeral municipal de subvencións.

O ámbito temporal do programa de actividades e gastos subvencionados será desde o 1 de decembro do ano anterior á convocatoria ata o 30 de novembro do ano actual. As actividades realizadas no mes de decembro incorporaranse á convocatoria anual seguinte.

Segunda.- Financiamento e límite das axudas

A concesión das subvencións que constitúen o obxecto destas bases reguladoras estará limitada ao crédito máximo dispoñible que, con carácter anual, se habilite no orzamento da Concellaría de Cultura.

En ningún caso o importe máximo para conceder a cada entidade solicitante poderá ser de tal contía que supere o 75% do custo total da actividade. Este límite operará tanto no momento de outorgar a subvención como no exame da conta xustificativa que debe presentar a entidade beneficiaria da subvención, para acreditar o emprego da subvención concedida.

Terceira.- Entidades beneficiarias

1. Poderán optar ás subvencións da base primeira A, proxectos e actividades culturais:

A) As asociacións de carácter cultural, sen fin de lucro, legalmente constituídas, inscritas no Rexistro Municipal de entidades cidadás, o que terán que acreditar no momento de formalizar a solicitude.

Expresamente, exclúense desta liña as asociacións de veciños, por contar cunha liña específica de subvencións a través da Concellaría de Participación Cidadá.

B) As fundacións de carácter cultural

2. Poderán optar ás subvencións da base primeira B, festas patronais, romarías e outras celebracións de carácter tradicional ou senlleiro, as asociacións veciñais e as comisións de festas legalmente constituídas.

En todos os casos, deberán atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Ourense, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

Cuarto.- Presentación de solicitudes, prazo e documentación

1. Modelo e presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención presentaranse no modelo normalizado que se achega con estas bases reguladoras. Os impresos de solicitude da subvención (anexos a estas bases reguladoras) e canta información se precise para a súa presentación serán facilitados pola Concellaría de Cultura, na páxina web do Concello de Ourense (www.ourense.gal) e da propia da Concellaría de Cultura (www.ourensecultura.com)

As solicitudes serán dirixidas ao alcalde do Concello de Ourense, achegando a documentación solicitada nas bases reguladoras.

2. Prazo e lugar de presentación

a) O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación de cada convocatoria anual no Boletín Oficial da Provincia.

B) A presentación farase no Rexistro Xeral do Concello de Ourense, ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento común das administracións públicas.



3. Documentación

a) Solicitud de subvención dirixida ao alcalde, segundo o modelo normalizado, onde virá(n) especificado(s) o(s) concepto(s) subvencionable(s) ao(s) que se acolle (Anexo I)

b) Ficha resumo do programa de actividades (cubrir unha por cada liña presentada), denominación, data, lugar de celebración, obxectivos e estimación de persoas beneficiarias. (Anexo II)

c) Fotocopia do número de identificación fiscal (NIF) da entidade solicitante.

d) Ficha de terceiros cos datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención debidamente cuberta, selada e asinada pola entidade financeira. (Anexo III)

e) Declaración responsable, entre outros aspectos, de non ser debedor á Facenda estatal, autonómica e local, nin á Seguridade Social e o compromiso do solicitante de comunicarlle ao Concello de Ourense a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados, para a mesma finalidade (Anexo IV)

f) Declaración responsable da documentación que se atope en poder do Concello e que non teña sufrido variación (Anexo V)

g) Orzamento detallado de gastos e ingresos da actividade que se solicita, segundo modelo normalizado (Anexo VI).

4. Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requiríraselle á persoa solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desiste da súa solicitude e procederase ao arquivo desta.

QUINTA.- Criterios de avaliación

De acordo co artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitárase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Concellaría de Cultura destinada para tal fin no exercicio. Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado nestas bases, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 100 puntos.

A avaliación das solicitudes recibidas efectuarase ponderando os criterios que a continuación se detallan:

Liña A. Proxectos e actividades culturais:

1. Interese xeral da actividade no ámbito municipal (ata 3 puntos)

* Abertas ao público xeral (3)

* Prazas limitadas (2)

* Restringidas a socios ou similares (1)

2. Número de persoas que participan e se benefician da actividade (ata 3 puntos)

3. Repercusión territorial (ata 4 puntos)

* Ámbito de barrio (1)

* Ámbito municipal (2)

* Ámbito galego (3)

* Ámbito estatal e internacional (4)

4. Viabilidade financeira (ata 30 puntos)

a) Porcentaxe de ingresos propios (ata 20 puntos)

* Esfuerzo financeiro $[(1 - (\text{Importe solicitado} / \text{Custo actividade})) * 20]$

Por custo de actividade, entenderase a suma total de gastos (directos e indirectos) subvencionables.

b) Claridade e coherencia da estrutura de ingresos e gastos (ata 10 puntos)

5. Calidade e interese (ata 30 puntos)

a) Calidade (15)

b) Interese (15)

Valoraranse especialmente os seguintes elementos: a contribución do proxecto ao fomento da cultura ourensá e galega, desde calquera das súas perspectivas (histórica, territorial, social, etc.), así como a de autores que estean ligado directamente a Ourense. A formación e xeración de públicos como factor de sustentabilidade do tecido cultural da cidade.

Que as actividades realizadas teñan o fin de deslocalizar e diversificar a actividade cultural para aproximala á cidadanía, dirixida especialmente a aqueles colectivos ou barrios con máis dificultades de acceso.

6. Orixinalidade e carácter innovador (ata 10 puntos)

Valoraranse especialmente os seguintes elementos. O fomento da cooperación cultural, o establecemento de acordos territoriais ou a participación en redes.

A implicación e/ou cooperación con outros axentes culturais locais distintos do solicitante no desenvolvemento do proxecto.

A innovación na linguaxe cultural ou artística.

7. Que sexa capaz de xerar grupos ou programas estables (ata 10 puntos)

8. Potenciación do idioma e da cultura galega (ata 5 puntos)

* Galego como idioma da actividade e manifestación da cultura tradicional galega

9. Participación nas actividades organizadas polo concello (ata 5 puntos)

* Colaboración nas actividades que organiza a Concellaría de Cultura, tales como os concursos de Entroido, Maios, Beléns...

Liña B: Festas patronais, romarías e outras celebracións de carácter tradicional ou senlleiro.

Asignaráselle unha cantidade fixa en función do número de habitantes do barrio ou parroquia, quedando como a continuación se detalla:

1. Ata 1000 habitantes, asignación fixa de 700 €

2. Ata 5000 habitantes asignación fixa de 1.500€

3. A partir de 5000 habitantes asignación fixa de 3.000€

4. A partir de 10.000 habitantes asignación fixa de 6.000€

Quedan excluídos desta convocatoria os barrios cunha poboación superior a 15.000 habitantes.

Sexta.- Gastos subvencionables e non subvencionables

Son gastos subvencionables:

Aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido desta convocatoria. En ningún caso o custo dos gastos subvencionados será superior ao valor do mercado.

Serán considerados gastos nos que incorra a entidade no desenvolvemento do proxecto:

a) Custos directos:

• Custos salariais e de Seguridade Social necesarios para a realización do programa, sempre que o obxecto do contrato laboral sexa o proxecto subvencionado.

• Gastos derivados da contratación de medios externos: alugueiros de equipos e medios materiais, consumibles, servizos profesionais e artísticos, seguros e outros dirixidos á realización das accións do proxecto.

• Gastos de difusión e publicidade

• Os impostos indirectos, cando non sexan susceptibles de recuperación ou compensación e os impostos persoais sobre a renda.

b) Custos indirectos:

• Son os gastos xerais, que sen ser imputables a unha actividade concreta, sexan necesarios para que unha actividade sexa levada a cabo.

• Os custos salariais e de Seguridade Social, cando o obxecto do contrato de traballo non sexa específico para a actividade subvencionada.

• Os custos indirectos deberán estar incluídos no orzamento do proxecto e non poderán exceder do 20% do custo total do proxecto.

Serán gastos non subvencionables:

- Os que correspondan a atencións protocolarias. Para estes efectos, consideraranse atencións protocolarias os agasallos ou convites de carácter gastronómico sen relación directa coa execución do proxecto subvencionado.
- Os gastos de desprazamento, manutención, aloxamento, axudas de custo e quilometraxe.
- Investimentos consistentes na realización de calquera tipo de obras.
- Gastos de adquisición de bens inventariables
- Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación e os impostos persoais sobre a renda.
- Os xuros, recargas ou sancións administrativas e xudiciais.
- Xuros debedores de contas bancarias.

Sétima.-Instrución

1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponderalle ao xefe/a de Servizo de Cultura ou ao persoal funcionario en quen delegue que realizará cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formular a proposta de resolución.

2. Se a solicitude, a documentación e a información presentada non reúnen os requisitos esixidos, o/a interesado/a será requirido/a para que no prazo de dez días, contados desde o día seguinte á recepción da notificación, corrixa as faltas ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, se entenderá que desiste da súa solicitude ao abeiro do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Excluídas as solicitudes que non reúnan os requisitos esixidos para seren beneficiarias, o expediente remitirase á Comisión de Valoración, órgano colexiado composto polo/a concelleiro/a delegado/a de Cultura que actuará como presidente/a, o/a xefe/a do Servizo de Cultura ou funcionario/a en quen delegue, o/a interventor/a municipal ou funcionario/a en quen delegue, o/a asesor/a xurídico/a e un/unha funcionario/a que se designe que actuará como secretario/a.

4. A Comisión de Valoración poderá:

- Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver.
- Valorar as solicitudes que cumpran os requisitos para ser beneficiarias, de conformidade cos criterios establecidos nas bases.
- Emitir informe de valoración respecto das solicitudes de subvención.

5. A valoración individual das subvencións determinarase primeiramente procedendo a avaliar as solicitudes que optaron polo concepto subvencionable B) “Festas patronais romarías e outras celebracións de carácter tradicional ou senlleiro” e a sumar a cantidade total que resulte por este concepto. O saldo restante distribuirase entre as solicitudes que optaron ao concepto subvencionable A) “Proxectos e actividades culturais” mediante a avaliación por puntos de cada unha das solicitudes admitidas conforme ao establecido na base quinta –“criterios de valoración”–. A suma total dos puntos divídese entre o saldo restante con fin de obter o valor do punto.

6. Unha vez emitido o informe de avaliación, o órgano instructor formulará unha proposta de resolución definitiva que expresará a relación de solicitantes para os que se propón a subvención e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios para efectualas. Tamén conterà a relación de aspirantes aos que se lles denega a subvención xunto coa motivación.

Oitava.- Resolución e réxime de recursos

1. Unha vez efectuada a proposta do órgano instructor, correspóndelle á/ao concelleira/o delegada/o de Cultura, a resolución motivada de concesión ou denegación das axudas no prazo de tres meses, que comezarán a contar desde a data de remate

do prazo de presentación de solicitudes. Para ditar a resolución definitiva e notificar esta resolución estarase ao disposto nos artigos 88 e 40 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, respectivamente.

2. De conformidade co disposto no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexitima as asociacións ou entidades solicitantes para entender desestimadas por silencio administrativo as solicitudes de concesión de subvencións.

3. Estas bases reguladoras e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución esgotan a vía administrativa. Contra elas poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de conformidade co artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

4. Así mesmo, poderá interperse con anterioridade, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Este recurso entenderase desestimado por silencio administrativo se transcorrese outro mes sen contestar.

5. En todos os casos, os prazos contarase a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

Novena.- Subcontratación

As entidades beneficiarias poderán subcontratar a porcentaxe necesaria, ata o 100% do importe da actividade, para a execución correcta do proxecto subvencionado. No caso de subcontratación deberán de cumprirse as determinacións establecidas no art. 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Décima.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións percibidas de entidades públicas

As subvencións concedidas ao abeiro destas bases son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, sempre que o conxunto das mencionadas axudas ou subvencións non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Décimo primeira.- Renuncia

As entidades beneficiarias poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a notificación da concesión. No caso de que non comuniquen de forma expresa o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida. O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención, de ser o caso, poderá ser considerado infracción administrativa, de acordo co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

Décimo segunda.-Prazo e forma de xustificación da subvención

As asociacións ou entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificalas no prazo que se determine na convocatoria, mediante a presentación da seguinte documentación:

1. Instancia individualizada, en modelo normalizado, asinada pola persoa representante da entidade beneficiaria con indicación do domicilio para os efectos de notificación (Anexo VII).

2. Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo. (Anexo X)

3. numerada dos documentos xustificativos da cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada con expresión mínima da data, proveedor, obxecto facturado, importe, data de pagamento e porcentaxe de aplicación ao proxecto. (Anexo VIII e VIII-B).

4. Presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral, por importe mínimo da cantidade subvencionada incrementada nun 25 %, e coa acreditación de estar pagadas.



As facturas deben ser orixinais e deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- a Número e, de selo caso, serie.
- b Nome e apelidos ou denominación fiscal.
- c Número de identificación fiscal (NIF)
- d Descrición detallada dos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- e Lugar e data de emisión.
- f Nas facturas computarase o gasto acreditado, agás o IVE cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola persoa beneficiaria.

A acreditación do pagamento farase:

α. No caso de pagamentos que sexan iguais ou superiores a 1.000 € por provedor: presentación de documento bancario no que conste o terceiro a quen vai dirixido o pagamento e data na que foi realizado.

β. No caso de pagamentos en efectivo, a factura virá asinada pola persoa responsable de cobro e selada no caso de ser unha persoa xurídica.

x. Para o suposto de que se inclúan facturas con retencións fiscais deberá achegarse xustificante de ter ingresado o seu importe na facenda pública (agás os correspondentes ao último trimestre do ano). As cantidades retidas en concepto de IRPF deben xustificarse mediante os modelos 111 ou 190.

δ. O pagamento en concepto de rendemento do traballo dependente xustificarse a través das nóminas orixinais pagadas, acompañada dos correspondentes TC.

5. Liquidación de ingresos e gastos da actividade subvencionada segundo modelo normalizado (Anexo IX).

6. Un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello de Ourense no financiamento da actividade. Non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de actividades totalmente realizadas con anterioridade á resolución desta convocatoria.

7. Certificacións positivas da Axencia Estatal Tributaria e Tesouraría Xeral da Seguridade Social de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, no caso de ser beneficiario de achega por importe igual ou superior a 3.000,00 €.

8. Declaración expresa de ter recibido ou non outras achegas para o mesmo proxecto, indicando, de ser o caso, o importe e a entidade concedente. (Anexo IV)

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, cando a asociación ou entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o selado (art. 73 do Regulamento da Lei 38/2003) da factura orixinal indicando nesta o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicando neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarse ao expediente copia do xustificante orixinal selado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Décimo terceira.-Comprobación de subvencións

Se no exame da documentación presentada, esta se atopa incompleta ou figuran defectos, concederáselle á entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días para a súa emenda ou entrega. Unha vez transcorrido este prazo sen efectuarse emenda, teríanse por desistidos da súa petición, logo da resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Servizo de Cultura será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a súa axeitada xustifi-

cación, mediante a emisión dun informe proposta que se incorporará á conta xustificativa, no que se manifeste expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Décimo cuarta.-Pagamento

O pagamento da subvención efectuarse mediante transferencia bancaria, unha vez aprobada a conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria da subvención.

Procederá á redución proporcional do importe da subvención nos seguintes casos:

1. Cando o gasto xustificable non acadase o importe da subvención incrementado nun 25%

2. Pola obtención de maior financiamento do previsto no proxecto.

3. Cando se supere o 75% do custo da actividade á hora de xustificar.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e en todo caso a obtención concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

Décimo quinta.- Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sancións

1. Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención de calquera dos deberes previstos nestas bases e especialmente:

α Os deberes aos que se condiciona o pagamento da subvención

β O incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención.

x A variación da finalidade da actuación

δ A falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta.

ε A obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da subvención municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando aínda realizándose a actividade subvencionada exista mingua significativa da actividade que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, traducible a termos económicos nunha oscilación superior ao 20% do orzamento do proxecto, procederá a perda do dereito á subvención ou o seu reintegro na mesma proporción en que se reduce o custo da actividade subvencionada.

A porcentaxe de esforzo financeiro operará tanto no momento de outorgar a subvención como no exame da conta xustificativa que debe presentar o beneficiario da subvención, para acreditar o emprego da subvención concedida.

2. Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e do reintegro destas estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa seguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir as entidades beneficiarias destas axudas, e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no capítulo IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD

1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o R.D. 887/2006, do 21 de xullo.

Décimo sexta.- Publicidade da subvención por parte da entidade beneficiaria

A entidade beneficiaria da subvención está obrigada a dar a axeitada publicidade de que os programas, actividades ou actuacións obxecto de subvención son financiadas polo Concello de Ourense, requisito indispensable para ser beneficiaria da subvención.

Establecerase de forma clara nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, fotografías e demais material gráfico ou sonoro, que se publiquen con motivo das actividades subvencionadas, o patrocinio do Concello de Ourense, co logotipo da Concellería de Cultura.

Non obstante, non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de actividades totalmente realizadas con anterioridade á resolución desta convocatoria.

Todo material publicitario deberá realizarse en lingua galega, de acordo co disposto na Ordenanza municipal de normalización lingüística (BOP 26 de setembro de 1998). Se no financiamento interveñen outras entidades, a relación en orde e tamaño será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

Décimo sétima.- Publicidade

Coa finalidade de garantir o cumprimento dos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación, de conformidade co previsto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación as axudas outorgadas iguais ou superiores a 3.000,00€, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

Non será necesaria a publicación nos supostos previstos no artigo 15.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos no suposto previsto na letra d) do parágrafo 2 do devandito artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

